



O Vicerreitor procede á apertura da reunión, ás 10:05 hs., mencionado as desculpas de asistencia de Marina Núñez, Lucrecia López Rubianes, Silvia García, Xavier Martínez Cobas, Paulo Fontán Torreiro e dando a benvida aos asistentes.

1. - Aprobación da acta da xuntanza do Comité Ambiental do 21 de xullo de 2016

A acta foi remitida aos membros do Comité ambiental como documentación adxunta. Apróbbase por unanimidade.

2.- Informe de execución do II Plan de acción 2016-17 do Programa internacional Green Campus.

O Vicerreitor agradece a presenza dos membros do Comité. De seguido, o Vicerreitor aproveitou para expor e comentar os resultados da II Enquisa “Concienciación ambiental e Green Campus 2017”, que era unha das accións incluídas no plan de acción 16-17. Entre os aspectos destacados polo Vicerreitor figuran o aumento do número de participantes e respostas nesta II Enquisa respecto da primeira que se levara acabo en 2015. Subliñou o incremento do grao de coñecemento do Programa entre os membros da comunidade universitaria pontevedresa como o proba o feito de que os enquisados sexan quen de mencionar actividades e accións concretas realizadas no marco do programa Green Campus como a construción do carril bici ao Campus, a recollida de aparellos eléctricos e electrónicos, o concurso de fotografía ou reparto de compost, entre outras. Parece que os datos evidencia un certo cambio na mentalidade e, xa que logo, a consecución dos obxectivos xerais e inspiradores do Programa Green Campus.

Despois, o Director da Área de Planificación do Campus de Pontevedra, Celso Cancela, sinalou que se acadara un grao de execución do 70% das accións previstas no plan. En concreto, de 49 accións prevista e asignadas a diferentes responsables, foron levadas a cabo unhas 33 accións. Foi comentando algunhas delas polo miúdo; por exemplo, a colocacións do gas natural nos centros e os aforros económicos logrados, ademais de redución das emisións; as melloras

na accesibilidade nos diferentes centros mediante a colocación de portas automáticas ou dun elevador no pavillón universitario.

Intervén o representante de Vai polo río, Gonzalo Sancho, para indicar que se se plantan novas árbores ou plantas se considere o efecto que poidan ter na produción de alerxias. A OMS insiste no incremento deste tipo de doenzas. Deste modo, a UVigo sería precursora e prescriptora de liñas de actuación para o futuro.

3.- Aprobación, se procede, do III Plan de acción 2017-2018 do Programa internacional Green Campus

Toma a palabra o Director da Area de Planificación do Campus para indicar como foi o proceso de elaboración do III Plan de acción 17-18. A metodoloxía empregada foi semellante a do programa Green Campus que no paso 3 prevé a elaboración dun plan de acción. Seguiuse unha lóxica participativa pois, na súa versión final, tomará en consideración as aportacións feitas polas comisións ambientais de cada Centro e as dos membros desta comisión. Agradecemento as comisións de cada centro pola súa colaboración as súas achegas.

Subliña que se trata dun documento aberto confeccionado con criterios de pragmatismo e realismo tomando en consideración recursos como prazos de execución. Cada acción ten un responsable/s, prazos estimativos de realización e evidencia cuantitativas ou cualitativas. Mantéñense os obxectivos prioritarios e a coherencia entre obxectivos e accións específicas.

Seguen adiante algunhas accións que se estima deben ter continuidade pola súa natureza e implántanse novas actividades, en particular, as propostas polos centros e a vicerreitoría. Neste punto destacouse que algunha das accións resultan de experiencias ou actividades previamente levadas a cabo nalgún dos centros. É o caso dos eco-compromisos que se iniciaron na Facultade de Fisioterapia.

En relación á aprobación do III plan de acción 17-18, indicouse as accións contidas nel toman en consideración a experiencia da implementación do I e II Plan de acción 2015-16 e 2016-17. Á parte de actuacións novidasas, é posible atopar no III plan accións reorientadas e de axuste axeitadas aos obxectivos prioritarios establecidos. Contémpanse tamén actuacións dos anteriores plans que, ou ben requiren continuidade temporal para a consecución dos obxectivos, ou ben non puideron ser executadas por motivos diversos no período de programación. Así mesmo, incluíronse as achegas e propostas efectuadas polas Comisións ambientais de Centro e polos membros do Comité de Xestión ambiental do Campus.

Este III Plan de acción, que foi aprobado polo Comité, será posto en marcha a partir do vindeiro mes de setembro coas actividades da Semana Europea da Mobilidade que se celebra entre o 16 e o 22.

O número total de accións previstas é de 54 que se desglosan do seguinte xeito:

- Obxectivo 1: 5 accións

Obxectivo 2: 6 accións

Obxectivo 3: 3 accións

- Obxectivo 4: 9 accións
- Obxectivo 5: 2 accións
- Obxectivo 6: 2 accións
- Obxectivo 7: 23 accións
- Obxectivo 8: 3 accións

O Vicerreitor intervén para apuntar que en breve, xa se porá en marcha o servizo de préstamo de bicis mediante a utilización da aplicación da Área de Benestar, Saúde e Deporte, Deporxest, que permitirá realizar a inscrición ordeada dos interesados. Tamén explica as dificultades xurdidas pola cobertura do seguro en caso de danos causados polos usuarios das bicis. Despois de xestións feitas coa aseguradora, esta cubrirá ese risco.

De seguido, o Director da Área de Planificación comenta unha serie de accións con certo detalle: 2.1, 2.3, 2.5, 3.3, 4.1, 4.2, 4.6, 5.1, 6.2, 7.8, 7.9, 7.10, 7.14, 7.15, 7.18.

A continuación, Lourdes Maceiras pregunta acerca dos proxectos da Facultade de Fisioterapia (Queremos Saudarte) por se fose posible estendelos a CEIPs e IES do entorno. O Vicerreitor responde que se podería tentar establecer contactos directos cos centros. Tamén alude a posibilidade de trasladar a proposta ao Concello de Pontevedra, en concreto, á concelleira Carmen Fouces.

Manuel Morquecho expón a experiencia con institutos con ocasión da proxección realizada na Casa das Campas o Día dos Bosques. Realizada a proxección dun documental coa asistencia de alumnos de IES, o profesor Picos fixo un pequeno comentario. Neste curso 16-17, tamén se colaborou co IES Xunqueira I nun encontro de coros (instituto e Campus de Pontevedra).

Javier Rial propón que a acción 1.5 (uso de ascensor), que figura no borrador de proposta de plan de acción, pase ao obxectivo 4 polo compoñente relaciona coa saúde. Javier Rial intervén para indicar que a acción de fomento do uso das escaleiras resulta de interese para a Área de Benestar. En concreto, pensa que se deberían introducir actividades activas no traballo para tratar de pasar menos tempo sentado. Alude a unha campaña levada a cabo na Universidade de Turku (Finlandia) mediante debuxos que é algo como “cus arriba”.

A profesora Maceiras considera que é correcto pois en universidades como a de Alacante ou Zaragoza xa adoptaron iniciativas nesta liña.

Despois, Javier Rial propón incluír unha acción 4.8 “Campaña de promoción/incentivación de estilos de vida máis activo no traballo e no estudio”.

Aprobouse o III Plano de acción 2017-18 por unanimidade

4. Rolda de intervencións

Gonzalo, en representación de Vai polo río, indica que as caixas niño, feitas na EE Forestal, que se colocaron no mes de febreiro na beira do Río Gafos deron resultado pois foron ocupadas por ferreiriños.

Lourdes Maceiras pregunta sobre os sendeiros azuis que están orientados á acceso á praias. O Vicerreitor indica que transmitirá ao Concello de Pontevedra para ver que opcións habería de establecer ese tipo de sendeiro como vía para a praia fluvial do Lérez.

María José pregunta polo acceso a unha praza de aparcamento de discapacitado que atopa na porta automática da Escola de Enxeñaría Forestal. O director da Área de Planificación indica que xa está corrixido gracias a unha actuación da unidade Técnica. Tamén menciona que os aseos de discapacitados da Facultade de Educación e Deporte se atopaban fechados.

Gonzalo Sancho de Vai polo río, intervén para indicar que a Asociación segue a ter interese en manter a colaboración coa Universidade de Vigo, en particular, no referente á realización de TFG. Tamén menciona que se pode traballar na catalogación mediante saídas de campo.

Remata a sesión ás 11:30 hs.

Pontevedra, 14 de xullo de 2017

Celso Cancela Outeda
PS Secretario do Comité Ambiental Green Campus